

ATENCIÓN A ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE:

Os alumnos que teñen pendente o francés e estean matriculados na mesma materia no curso seguinte, ao coincidir bastantes dos obxectivos e dos contidos da materia do nivel precedente, **teñen a oportunidade de aprobar a materia pendente aprobando a do presente curso académico.** Sen embargo, por se non se dera o caso, deberán entregar unhas fichas resoltas facilitadas a principios de mes polo xefe de departamento (6 en total, unha por cada unidade), nas que se indicará a data límite de entrega; no caso de non se cumpriren os prazos ou as fichas estiveran mal elaboradas ou con exercicios en branco, os alumnos terán a posibilidade de aprobar a pendente presentándose aos exames extraordinarios de maio e setembro.

De todas formas, o profesor da materia deste curso terá en conta esta situación e reforzará na aula os contidos do ano anterior; igualmente, repartirase a eses alumnos material adicional que irán traballando na casa e entregarán ao Xefe do departamento para a súa corrección.

Para o alumnado que non curse a materia de francés neste ano académico existe a opción de recuperar a materia do mesmo xeito que os alumnos anteriormente ditados, é dicir, entregando correctamente feitas e nos prazos indicados fichas de traballo (unha por unidade do curso no que foron avaliados negativamente), no caso de que non o fixeran ou os traballos estiveran mal elaborados, os alumnos deberán presentarse á proba extraordinaria de maio ou se se dera o caso á de setembro.